

ISBN 972-8063-27-X

15

Europa, Cidadania e Multiculturalismo

Organização
ACÍLIO DA SILVA ESTANQUEIRO ROCHA

Europa, Cidadania e Multiculturalismo

Centro de Estudos Humanísticos
coleção poliedro

Universidade do Minho



CIDADANÍA, MULTICULTURALISMO E IGUALDADE: REFLEXIÓNS SOBRE A UNIÓN EUROPEA

MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO
(Universidad de Santiago de Compostela)

Introducción

Comezarei facendo miñas as palabras de N. MacCormick: «atópome ainda na etapa de formular máis preguntas das que estou preparado para contestar de xeito definitivo»¹. Tal comezo sitúanos ante os retos e problemas que conleva e suscita este complexo e controvertido proceso da Unión Europea, obrigándonos, ao mesmo tempo, a contextualizar a reflexión da xa de por sí complicada relación de cidadanía, multiculturalismo e igualdade. Tendo pois como marco de referencia o proceso de construción da Unión Europea, agora xa dos vinte e cinco, considero importante por por adiantado algunhas cuestións, que en certa medida veñen continuar coas xa iniciadas no noso II Simposio no 2002. En primeiro lugar, a constatación da importancia e complexidade, mesmo o apaixonamento de moitos, da construción dunha cidadanía europea e dun goberno transnacional, dunha identidade política común, dunha nova organización política ou dunha Unión, como se di no Prefacio do Proxecto de Tratado polo que se institue unha constitución para Europa², que «se convirta nun factor de estabilidade e nun modelo na nova organización do mundo». Novidade e modelo son por tanto os elementos a ter en conta, e xorde a pregunta ¿realmente hai algo novo ou é todo vello?³. En segundo lugar, a consta-

¹ Neil MacCormick, «A democracia europea: ¿cara unha nova orientación en 2002?», *Tempo Exterior*/n.º 5 (segunda época), Xullo-décembro 2002, p. 139.

² Ao longo do texto farei referencia varias veces ao Proxecto de Tratado, en concreto ao Prefacio, ao Preámbulo e as Partes I e II, pero vai máis alá dos meus obxectivos desenvolver unha análise pormenorizada do mesmo. A partir de agora referireime a el como Proxecto de TC.

³ Lémbrese o que sinalaba Lobo-Fernandes tentando sair do debate circular sobre o carácter supranacional/intergobernamental da comunidade política: «Por outro lado, teremos talvez simplemente que reconecer que a União Europeia tem uma natureza multinível inter- e transna-

tación dos problemas políticos reais en relación coa cidadanía: afastamento das institucións europeas, escaseza de información e burocratización, falta de transparencia (así como as cuestións relativas á toma de decisións, á Carta Fundacional, á rendición de contas...) que levan a sinalar o «déficit democrático» ou a construción «desde arriba» e non «desde abaixo» e que suscita problemas a respecto da necesidade dun proceso constituinte como tal. Desde esta perspectiva estaríamos a falar de como «achegar os cidadáns ao proxecto europeo e ás institucións europeas» de «medidas para aumentar a democracia, a transparencia e a eficacia da UE» (Prefacio), mais ¿que cidadanía? ¿é posíbel unha cidadanía multiniveis, inter ou multicultural, acorde cunha organización transnacional e cunha identidade cultural propia para a cidadanía europea? ¿comporta isto a renuncia á cidadanía social?

En terceiro lugar, todo o que remite á cultura, e con isto entramos nun terreo pantanoso, pois baixo o gardachuvas da «cultura» achámonos ante diferentes rexistros e obxectivos. Talvez compre partir de que nos últimos anos se puxeron de manifesto políticas para acadar unha Europa da Cultura, cuxa expresión son as directrices de «política cultural» emanadas das institucións europeas, tendo por obxectivo a construción dun «espazo social europeo» para paliar o «déficit simbólico» ou o «déficit de credibilidade»⁴ da integración económica. Mais de que cultura estamos a falar e cómo se conxuga, tal e como se recolle no Preámbulo do Proxecto de TC, co obxectivo de unha «Europa unida na diversidade». Diversidade xa de vinte e cinco Estados, de momento, diversidade lingüística, de constitucións, de institucións e tradicións. E, unha vez máis, a interrogación ¿unha Europa da Cultura e/ou unha Unión Europea inter ou multicultural? Así pois, voltando ao comezo, semella que segue habendo máis preguntas que respostas a respecto da construción europea, movéndonos entre dúas frentes, dun lado o interese e a posibilidade dunha Unión que non veña dada en termos de modelos existentes e que, por tanto, permite perspectivas novas e de cambio pacífico, onde a construción política pase a primeiro plano con todas as súas implicacións; de outro, os déficits

cional e que os diferentes quadros teóricos dispoñíbeis nas ciencias políticas poden encontrar nichos de conveniencia argumentativa dentro daquela densa complexidade institucional...» e que lle levan a formular «Estarão, assim, os países membros da União Europeia e os seus cidadãos dispostos a abandonar, na totalidade, o ciclo longo de um sistema internacional definido pola centralidade do estado soberano? Esta é uma interrogação para a qual não existe ainda uma resposta», apuntando á «região política» como unha vía en experimentación. Luís Lobo-Fernandes, «A União Europeia: que modelo político?», en Barreiro Barreiro, J. L. (ed.), *Actas II Simposio Internacional Luso-Galaico de Filosofia. «Europa: mito e razão»*. Universidade de Santiago de Compostela, 2001, p. 123.

⁴ Como indica M. Gondar, o déficit de credibilidade por parte de amplos sectores da cidadanía dos países membros «non é algo dos últimos tempos senón que viña xestándose case que desde os primeiros momentos. Europa foi planeada e construída xa desde o comezo seguindo o modelo das grandes organizacións da época. Jean Monnet, un dos pais fundadores, deulle ao proceso de integración, no coñecido como Plan Monnet para a CECA, un mercado caracter tecnocrático e elitista con nulo espazo para a intervención dos cidadáns», «A Unión Europea desde Galiza», en *Actas II Simposio*, op. cit., p. 78.

(democrático, simbólico, de credibilidade) que acompañan ao proceso e que mesmo poden por en cuestión a novidade e oportunidade⁵.

Partindo deste contexto, e tendo en conta estas breves consideracións introductorias, a cuestión da cidadanía e da cultura devén fundamental. Agora ben, a linguaxe da cidadanía ven sendo a linguaxe máis empregada últimamente no debate cotián e na filosofía política, e a súa conceptualización non deixa de ser problemática. Outro tanto cabe dicir da cultura e da forza coa que xorden as demandas multiculturais. Ante isto convén plantexar se é posíbel unha articulación de cidadanía e multiculturalismo, sen renunciar á igualdade. É dicir, se o modelo de Unión Europea, na medida en que non resposta, nin pode responder, ao tradicional modelo do Estado-nación, e en canto supón unha aposta transnacional, require dun modelo de cidadanía que acomode as diferenzas e que o faga sen menoscabo da igualdade e da xustiza social e política. Do que se trata é de examinar que significa a cidadanía e a identidade europea, unha vez asumido o feito de que xorde formalmente para paliar os déficits do propio proceso de integración europea⁶. O trasfondo do asunto ten que ver, como dicíamos, coa posibilidade e a aposta por unha cidadanía e unha organización política que sexa capaz de enfrontarse a un novo modelo que non reflecta o modelo neoliberal, fronte aos euroescépticos, e a aqueles fortemente críticos para os que a UE é simplemente a continuación e a expresión da Europa dos mercaderes, como un asunto de intereses económicos que agora busca cobertura na cultura, e mesmo para quen en sentido positivo entende que o único interese da Unión é precisamente o económico e non ten por que ir máis alá. Xa que logo, a cuestión é si é posíbel a construción dunha UE que non responda ao neoliberalismo, aos intereses económicos e imperialistas dunha nova potencia fronte a Xapón e EEUU⁷, que sexa realmente un modelo na nova organización do mundo, que dea corpo e contribua ao un novo imaxinario social e político.

Continuando entón co iniciado no outono de 2002 e agora ante a Europa dos vinte e cinco, co Proxecto de TC a piques de ser aprobado, tentarei no que segue apuntar algúns aspectos dunha cidadanía multiniveis e inter/multicultural, sen renunciar á igualdade, mais coa certeza de que hai que seguir atentos aos acontecementos e de que aínda hai máis preguntas que respostas – diso e do que se trata nestes encontros – tanto no terreno teórico como no práctico, tendo en conta, alomenos é a miña percepción, de que o que está a ocorrer segue

⁵ Ben é certo que algúns cambios se perciben como por exemplo é destacábel a inclusión da Carta de Dereitos Fundamentais da UE na parte II do proxecto, facendo posíbel que os cidadáns e cidadás europeas podan invocar a Carta ante calquera xurisdicción nacional no que atinxe á aplicación das políticas europeas. Non obstante isto, como veremos, atendendo ao contido non é suficiente.

⁶ Véxase, João Rosas, «Modelos de Cidadanía Europea», en *Actas II Simposio*, op. cit., p. 134.

⁷ Convén sinalar que no Proxecto de TC afirmase que a «Unión obrará en pro do desenvolvemento sostible de Europa baseado nun crecemento económico equilibrado, nunha economía social de mercado altamente competitivo» Art. 3.3, o que fai levantar críticas sobre a adopción deste modelo económico. Mais non é posíbel abordar aquí este aspecto, como tampouco o da política exterior da UE, obxecto esta doutra ponencia neste encontro. Só indicar que a análise do modelo económico e da política exterior son esenciais para determinar unha idea axustada do que se persegue.

estando moi lonxe da cidadanía, dun debate amplo e continuado (non puntual, como é o caso da información que se transmite a propósito do reparto de poder, de votos, entre os diferentes países no Consello). Hai un gran descoñecemento do proceso de elaboración, modificacións e redacción do Proxecto de TC. A percepción, dicía, é que malia a importancia histórica e política, malia estarmos ante a construción dun novo entramado político, no entanto, non se transmite nen se sente moita ilusión, de aí que o debate estexa moi localizado en determinados ámbitos e non na cidadanía. De aí que as críticas ao proceso e ao Proxecto de TC levanten dúbidas e sospeitas sobre o camiño que en realidade se está a encetar e até onde se quere, ou se pode, chegar.

Cidadanía

A construción do futuro é, a máis de complexo, apaxoante e ilusionante, desde esta perspectiva a Unión Europea pode ser atractiva, isto é, se a vemos como o desenvolvemento dunha organización transnacional, como unha organización da vida política, da cidadanía, que levanta fronteiras pacificamente, se a vemos como unha oportunidade para acadar unha maior igualdade, liberdade, xustiza, solidariedade e paz (Preámbulo). Agora ben, seguimos coa dúbida ou a sospeita de que a bela princesa Europa semella estar raptada polo novo Zeus, o poder económico⁸. A súa herdanza é, por unha banda, pesada (o seu pasado bélico e colonial, de alianza económica) e, por outra, a súa especificidade (a cultura, a civilización, o ser europeo) non se pode entender nen tentar a súa conservación como unha peza de museo. E os irmáns que andan a súa busca parecen estar máis preocupados por se converter nunha potencia económica, mesmo militar, mundial, e no reparto entre eles, que por construír e fundar unha Unión Europea con personalidade propia. A cuestión é: o que comezou sendo unha comunidade económica ¿estase a converter ou a camiñar realmente cara a unha estrutura política nova, que nos embarca na construción dunha cidadanía europea, dunha identidade política e cultural común, baixo o lema de unha «unión na diversidade»? ou simplemente estamos asistindo e/ou contribuindo ao nacemento dunha potencia mundial. Outras interrogantes xorden: ¿cal é a especificidade do ser europeo? En última instancia o problema de fondo é, dicía, ¿ten algo de novo ou é todo vello e sabido?

Antes aludía a que no Prefacio do proxecto de TC se sinala que, seguindo a Declaración de Laeken do 2001, o que se persegue é «achegar os cidadáns ao proxecto europeo e ás institucións europeas», mais ¿qué cidadanía? Se temos en conta que se está a proceder «desde arriba» e sen unha ampla participación,

⁸ Remítome ao relato sobre a orixe mítica de Europa segundo J. L. Abellán, a princesa fenicia de grande beleza e de branca pel, motivo polo que Zeus se namora dela e, transformado en touro, raptaa e levaa a Creta. A busca que inician os seus irmáns dará lugar ás primeiras fundacións, aos primeiros fogares da civilización occidental. Segundo Abellán «A conclusión clara do mito é que Europa ten unha primeira orixe asiática da cal se foi diferenciando no tempo, ata adquirir personalidade propia». «Europa como 'coincidentia oppositorum'», en *Actas II Simposio*, op. cit., pp. 17-18.

implicación e coñecemento da cidadanía real dos diferentes países ¿cal é, entón, o modelo de cidadanía? Achámonos ante un fito importante, que non adoita ser unha constituinte, pero que pretende estruturar a vida política e o espazo social e político europeo, e que asimesmo quere aumentar a democracia, a transparencia e a eficacia na Unión. Estanse a por as bases da cidadanía europea, unha vez máis estase a determinar quen é e quen non é cidadán así como as condicións da cidadanía plena.

Oraben, a construción europea exige unha nova comprensión da cidadanía, non aplicar o modelo tradicional do Estado-nación e, consecuentemente, remite a un contexto problemático. Como é sabido a idea de cidadanía é unha das grandes ideas do pensamento político occidental para a que non hai unha definición simple e definitiva. Achámonos ante unha idea polémica que levanta importantes controversias intelectuais e políticas, ante distintas comprensións e prácticas da cidadanía, en diferentes contextos históricos e teóricos. A idea de cidadanía é tan vella como a política mesma, xorde na polis grega, pero non é só un legado, é tamén un ideal clásico⁹, e pónnos na tesitura de ter que confrontámonos con ela, de ver se, de feito, é posíbel repensala e en que medida abre un horizonte de posibilidades. Desde as últimas décadas do século XX ven sendo unha idea importante, configúrase como un concepto filosófico-político estratéxico e como ferramenta políticamente útil, até tal punto adquire centralidade no debate actual que mesmo corre o risco de hiperrepresentación¹⁰.

Pensar a cidadanía europea supón repensar, problematizar a idea de cidadanía, de cidadanía política, da específica relación política que conleva, e a súa importancia nun momento no que asistimos á transformación do Estado-nación e no que comeza a porse en cuestión o vínculo histórico, continxente, entre cidadanía e nacionalidade. Como dicíamos, a idea de cidadanía é tan vella como a política, a *Política* de Aristóteles constitúe un referente clásico no que moitos seguen a ver o cerne da cidadanía: «governar e ser gobernado», o cidadán como o que ten a capacidade e o poder de autogobernarse, sendo a vida política activa o seu obxectivo. A cidadanía política, activa, participativa, aristotélica respoosta a un certo tipo de ser humano, conleva certos prerequisites (nomeadamente, exclúe os bárbaros, metecos, mulleres, escravos, nenos). De feito, sosténse, non é unha característica que atinxa só á concepción aristotélica, – que sexa algo accidental e non sustancial a idea mesma – senón que a idea de cidadanía tería unha natureza xánica, unha dobre face incluínte/excluínte. Xorde así unha primeira cuestión, se a cidadanía sempre conleva prerequisites. E de ser así hai que coñecer cais son os prerequisites da cidadanía europea e o seu grao de «accidentalidade» ou de «sustancialidade». Unha segunda cuestión levántase ao fio das dúas interpretacións que segundo J. Rancière se poden dar da noción da noción aristotélica de gobernar e ser gobernado. Unha considera a cidadanía como un «estado que cualifica os suxei-

⁹ Pocock, J. G. A. (1992) «The Ideal of Citizenship Since Classical Times» in R. Beiner (ed.), *Theorizing Citizenship*. State University of New York Press, Albany, 1995, pp. 29-52.

¹⁰ Quesada, F. (Dir.), *Naturaleza y sentido de la ciudadanía hoy*. Ediciones UNED, Madrid, 2002.

tos e lles permite actuar como cidadáns» e en consecuencia con iso exercen a relación política; a pertenza funda a participación. A outra entende que o feito de gobernar e ser gobernado non é a consecuencia da cidadanía senón a súa definición mesma, é unha relación política específica que define o ser mesmo do suxeito cidadán. A primeira incide na pertenza, a segunda na singularidade da cidadanía política¹¹. Dende esta perspectiva, entón, as preguntas que nos asaltan son, dunha banda, sobre a pertenza a UE, e isto está estreitamente relacionado coas demandas multiculturais, e por outra, sobre cómo acadar efectivamente unha cidadanía política.

Non é posíbel examinar o decorrer do concepto de cidadanía e a súa definición cada vez máis como condición legal que política, máis pasiva que activa. En xeral defínese a cidadanía como a relación entre o individuo e o ordenamento político. A cidadanía moderna remite á relación legal dun individuo que pertence a un Estado-nación, establece un vínculo, como xa se indicou, entre cidadanía e nacionalidade, artéllase segundo o par cidadán/extranxeiro. Asimesmo, e polo xeral, as demandas de cidadanía diríxense ao Estado. Enxergamos, pois, o que se apresenta como unha tensión fundamental e evidente nos nosos días, básicamente a cidadanía resposta a criterios de pertenza e dereitos, e na súa revitalización trátase de facer da participación o elemento político chave, e, ao mesmo tempo, a súa vinculación ao Estado-nación e á nacionalidade. A isto hai que engadir o impacto que exerce a globalización sobre o Estado e, consecuentemente sobre a cidadanía. Dito doutro xeito, achámonos coa tensión entre o polo estatutario e o polo igualitario da cidadanía, ou como condición legal e como proxecto normativo ou aspiración, e as súas complicacións agora que a globalización semella minar a soberanía dos Estados. Chegadas a este punto cabe entender, en certo modo, que o anovado interese pola cidadanía reflicte en parte a reacción contra o poder global e os asaltos do Estado sobre o social, incluíndo os dereitos das mulleres¹².

Aproveito para facer un inciso sobre a cidadanía plena desde a perspectiva das mulleres, pois moitas son as voces críticas a respecto do Proxecto de TC, e un dos aspectos máis importantes ao que se dirixen é a que non se inclue como un valor fundamental (no art. I.2), ao mesmo nivel que os outros valores, a igualdade de homes e mulleres, por máis que apareza como un dos obxectivos (I, art. 3). Outras apontan á necesidade de garantir unha representación equilibrada entre homes e mulleres, outras remiten á ausencia de medidas legais e políticas para combater a violencia contra as mulleres e nenos, outras inciden na linguaxe non neutral que se emprega no texto, outras a que a laicidade apa-

¹¹ Rancière, J, «Citoyenneté, culture et politique» in M. Elbaz / D. Helly (dir.), *Mondialisation, citoyenneté et multiculturalisme*. Les Presses de l'Université Laval, Québec, 2000, pp. 55-68.

¹² Véxase, Pettman, J. J.: «Globalisation and the Gendered Politics of Citizenship» en Yuval-Davis, N. / Werbner, P.: *Women, Citizenship and Difference*. N.Y./London, Zed Books, 1999, p. 218. E tamén Sassen, S.: *Contrageografías de la globalización*. Madrid, Traficantes de sueños, 2003; Yuval-Davis, N.: «The Multilayered Citizen'. Citizenship in the Age of Globalization». En *International Feminist Journal of Politics*, Vol. 1, n.º 1, 1999, pp. 119-137.

reza explicitamente. Non obstante, a análise e valoración desde esta perspectiva tería que ser abordada máis polo miúdo¹³.

Unha observación máis sobre a problematidade da cidadanía, fronte a quen sostén que a cidadanía debe ou ten que circunscribirse ao Estado-nación e que os Dereitos Humanos son únicamente aplicabeis ao ámbito inter ou supranacional, moitas son xa as voces que manteñen que segundo o ideal emancipatorio e igualitarista da cidadanía, as cidadanías nacional e transnacional son dúas modalidades que coexisten e están estreitamente relacionadas, que histórica e ideolóxicamente unha implica á outra, insítese na súa contigüidade máis que na continuidade, ou que se da unha tensión constitutiva entre as demandas universalistas dos dereitos humanos e os principios da soberanía democrática¹⁴. ¿Cómo encara a Unión Europea estos problemas?, pois, como sinala Benhabib, estase a producir un «efecto desagregador» polo que as diversas compoñentes da cidadanía – identidade colectiva, dereitos políticos, o dereito a beneficios sociais – se están pondo por separado. A construción da cidadanía europea conleva dilemas. Un dos aspectos que salienta a nosa autora é precisamente como Europa é para uns un ideal e para outros unha ilusión, en calquera caso indica, – partindo de que as fronteiras da comunidade moral non se solapan coas da comunidade política – Europa está a ser invocada para definir un novo conxunto de fronteiras, o perigo está en que as fronteiras morais e políticas sexan redefinidas en termos de fronteiras xeográficas, de aí que se pregunte, correctamente ao meu modo de ver, ¿quen son os «outros» de Europa? Despois da Guerra Fría¹⁵. De novo xurde a interrogación ¿como hai que entender que no Título II do proxecto de TC se diga que «A Unión procurará adherirse ao Convenio Europeo para a protección dos Dereitos Humanos e das liberdades fundamentais»? A verdade é que «procurará adherirse» causa certa perplexidade¹⁶. No Preámbulo da Carta de Dereitos Fundamentais, dise:

«A presente carta reafirma, respetando as competencias e misións da Unión, así como o principio de subsidiariedade, os dereitos recoñecidos especialmente polas tradicións constitucionais e as obrigas internacionais comúns aos Estados

¹³ Sen entrar noutras críticas e en valoracións, limitámonos a remitir á Declaración da Conferencia extraordinaria da Rede de Comisións parlamentares para a Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes (NCEO) de 6 de Abril de 2004, sobre «Igualdade de xénero no Futuro de Europa».

¹⁴ S. Benhabib, «Who are 'We'? Dilemmas of Citizenship in Contemporary Europe», en *The Claims of Culture. Equality and Diversity in the Global Era*. Princeton University Press, Princeton, 2002, p. 153

¹⁵ Ibid., p. 154. Véxase tamén João Rosas, «A universalidade dos dereitos do cidadão», en A. Da Silva Estanqueiro Rocha (coord.), *Justiça e Direitos Humanos*. Universidade do Minho, Braga, 2001.

¹⁶ Contrastese asimesmo co obxectivo de que «Nas súas relacións co resto do mundo, a Unión afirmará e promoverá os seus valores e intereses. Contribuirá á paz, á seguridade, ao desenvolvemento sostíbel do planeta, á solidariedade e respecto mutuo entre os pobos, ao comercio libre e equitativo, á erradicación da pobreza e á protección dos dereitos humanos...» (Art. 3, 4), sulinado noso. Pero en ningún lado atopamos unha alusión explícita á Declaración Universal dos Dereitos Humanos».

membros, o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, as Cartas Sociais adoptadas pola Unión e polo Consello de Europa, así como pola xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Neste contexto, os tribunais da Unión e dos Estados membros interpretarán a Carta atendendo debidamente ás explicacións elaboradas baixo a responsabilidade do Praesidium da Convención que redactou a Carta.»

A perplexidade poida que se esvaia atendendo a cómo interpretar o recollido no mesmo artigo, no punto 3: «os dereitos fundamentais que garantiza o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e da Liberdades Fundamentais e os que son froito das tradicións constitucionais comúns aos Estados membros forman parte do Dereito da Unión como principios xerais». Máis ¿non se adheriron todos os países ao Convenio Europeo e, por tanto, hai que agardar a que o fagan? Ou, de non selo caso, onde está o problema. Obviamente que sexan principios xerais e «procurará adherirse» só se comprende no encaixe dunha construción europea tensionada por avanzar no ámbito xurídico-político comunitario e as constitucións dos distintos Estados, e que remiten aos problemas co Tribunal de Xustiza Europeo e co Tribunal Europeo de Dereitos Humanos¹⁷. En resumo non está moi claro, alomenos para min, a articulación de Dereitos Humanos e dereitos de cidadanía, e como veremos máis adiante, isto tamén se reflicte no tratamento dos dereitos culturais e do dereito á cultura como dereitos humanos na Carta de Dereitos Fundamentais da UE. En calquera caso a vía que semella terse seguido é a que só ten presente a xuridificación das cuestións fundamentais.

Multiculturalismo

Aos problemas da cidadanía, aos intentos por repensala engádese, xa que logo, o multiculturalismo. O que vou defender é unha versión do multiculturalismo ou do diálogo intercultural apelando ás premisas de inclusión democrática e igualdade ante os novos deseños legais e institucionais, é dicir, ante a construción europea, afastada de consideracións esencialistas tanto no sentido «naturalista» como «culturalista» da diversidade ou diferencias culturais, e atendendo aos aspectos normativos. Admitindo con S. Benhabib que há que distinguir entre o «normativamente correcto» e o «institucionalmente posibel» e que, por tanto, o discurso moral e o discurso político no son idénticos¹⁸. Concordando tamén con ela en que é necesario preguntármonos por que teñen especial resonancia hoxe as demandas multiculturais e, a diferenza de B. Barry, considerando que o multiculturalismo non descansa nun erro ou na mala

¹⁷ Véxase Ruiz Miguel, C. «El largo y tortuoso camino hacia la Carta de los Derechos Fundamentales de la Unión Europea», en Ruíz Miguel, C. (coord.) *Estudios sobre la Carta de los Derechos Fundamentales de la Unión Europea*. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións, 2004.

¹⁸ S. Benhabib, op. cit., p. 125.

vontade ou en ambos os dous. Ao seu xuízo hai varias razóns para dar contar do eco desas demandas, nomeadamente, como froito dos procesos de globalización que provocan a existencia de inmigrantes nos estados liberal-democráticos, das configuracións xeopolíticas despois da caída do muro en 1989, das consecuencias non intencionadas das políticas redistributivas nas democracias capitalistas, dos modelos cambiantes de integración capitalista e sociocultural nas democracias liberais occidentais e tamén, suliña, a emerxencia da Unión Europea. En definitiva as demandas multiculturais virían dadas polos cambios, polas transformacións que se están operando no mundo actual; os movementos multiculturais son unha das súas expresións. Hai pois, sinala, que ocuparse do multiculturalismo partindo dunha apreciación sociolóxica dos cambios que enfrontan as nosas sociedades.

Agora ben hai que clarificar que se entende por multiculturalismo. Comezando por diferenciar, como xa ven sendo cada vez máis habitual, entre multiculturalidade (o feito da diversidade de culturas) multiculturalismo (como resposta normativa) e multicomunitarismo¹⁹. O que está en cuestión agora é se o multiculturalismo é normativamente correcto e en consecuencia non pon en perigo as demandas da cidadanía universal e de cidadanía igual, isto é, se permite unha ampliación do alcance da xustiza. Atendendo aos contextos temos que o multiculturalismo comeza por ter especial relevancia en EE.UU, como sinala W. Kymlicka: «Algunhas persoas empregan o termo 'multicultural' dunha maneira máis ampla, para englobar unha extensa gama de grupos sociais non étnicos que, por diversas razóns, foron excluídos ou marxidados do núcleo maioritario de sociedade. Este uso é particularmente frecuente nos Estados Unidos, onde os partidarios do curriculum 'multicultural' a miúdo están aludindo aos esforzos por invertir a exclusión histórica de grupos de discapacitados, os gays e as lesbianas, as mulleres, a clase obreira, os ateos ou os comunistas»²⁰. No Canadá, indica, o termo emprégase fundamentalmente para o relativo ao dereito dos inmigrantes a expresar a súa identidade étnica, fronte aos prexuízos e á discriminación. O seu uso en Europa respondería aos poderes compartidos entre as comunidades nacionais, isto é ao problema do nacionalismo²¹. Ben é certo que agora na Europa a crecente inmigración plantexa

¹⁹ Sobre o multicomunitarismo véxase Máiz, R. «Nacionalismo y multiculturalismo», en Arteta, A., García Guitián, E., Máiz R. (eds.), *Teoría Política: poder, moral, democracia*. Madrid, Alianza, 2003.

²⁰ Kymlicka, W., *Ciudadanía multicultural*. Barcelona, Paidós, 1996, p. 35.

²¹ Máis recentemente Kymlicka e Norman (2000) presentan unha clasificación de grupos étnicos e culturais á hora de clarificar e someter a discusión normativa:

A: Minorías nacionais: a) minorías nacionais, b) pobos indíxenas

B: Minorías inmigrantes: c) con dereitos de cidadanía, d) sen dereitos de cidadanía, e) refuxiados

C: Grupos relixiosos: f) aislacionistas (amish), g) non aislacionistas (musulmáns)

D: Grupos sui generis: h) afroamericanos, i) xitanos, etc.

Tomado de R. Máiz, op. cit., p. 447-8. Outros autores, como B. Parekh, consideran que o tipo de diversidade ao que se refire o multiculturalismo non é á diversidade «subcultural» (gays, lesbianas, artistas), pois non representan unha cultura alternativa e tampouco entrarían os críticos da cultura dominante en tanto que o que perseguen e reconstruila (feministas, ecoloxistas, etc.). O multiculturalismo se aplicaría só á diversidade cultural. Véxase *Rethinking Multiculturalism*. London, MacMillan Press, 2000.

tamén problemas multiculturais que atinxen de xeito importante á construción da cidadanía da Unión.

Non podo demorarme na avanzada discusión entre liberais e comunitaristas que comeza nos anos oitenta, nen atender ao propio debate no seo do liberalismo sobre a cultura e sobre os procesos de construción nacional²². Compartindo con Benhabib a crítica á teoría liberal contemporánea²³ que tenta atopar unha resposta xurídica aos dilemas multiculturais. Máis ben quero suliñar que multiculturalismo remite á cultura e que non podemos caer na simplificación de identificar cultura con etnicidade, ou con relixión, ou considerala sen máis sinónimo de identidade, e encetar a tarefa de reflexionar sobre a base de que a cultura é política. A clarificación e comprensión dos termos é fundamental porque moitas veces a discusión ven mediada polo debate liberalismo/comunitarismo, ou pola defensa da «política do recoñecemento» (Taylor) identificada coa política da identidade ou coa política da diferenza. Mais non toda política do recoñecemento comporta unha política de identidade ou diferenza. O recoñecemento pode ser entendido como unha materia de xustiza universal, a cultura ten que verse dende a política e non como algo esencial ou natural e, polo tanto, a preservar sen máis. O que preocupa non é a preservación cultural, senón a inclusión democrática, a xustiza social e política, a igualdade dos cidadáns. Dende esta perspectiva, e dende a que eu suscribo, o multiculturalismo non pode asimilarse sen máis a separatismo, balcanización, mosaico ou bricolaxe cultural.

Moi resumidamente, en xeral o que caracteriza ao multiculturalismo é á contraposición ao monoculturalismo, incidindo en que debido ao predominio dunha cultura dominante ou hexemónica, as diferenzas culturais non dean lugar a exclusións, á estigmatización ou á inxustiza. Certamente, e sobre todo nos momentos iniciais, presentase un multiculturalismo máis radical, que valora positivamente a diferenza e que comporta posicións separatistas ou «centristas» fortes fronte ao monoculturalismo eurocéntrico e o ideal asimilacionista, e igualmente crítico do individualismo, que apela a unha «auto-definición» positiva das diferenzas de grupo e que conleva o recoñecemento e o trato diferencial. Detrás da crítica multicultural está asimesmo o cuestionamento da neutralidade do liberalismo e do Estado liberal, que non logra resolver o problema das diferenzas, que non consegue a separación entre cultura e Estado. O liberalismo descansa nunha comprensión da tolerancia que é insuficientemente sensíbel á diferenza polo que as minorías só poden ser cooptadas pola cultura hexemónica, isto é, conduce á asimilación. Neste sentido toman relevancia as demandas xeradas polo grupo, xorde o debate arredor dos dereitos do grupo ou dereitos colectivos, como substitutos ou como complemento dos dereitos individuais. Os dereitos individuais comportan un trato igual pero para

²² Refírome as posicións do liberalismo político de J. Rawls, ao 'culturalismo liberal' segundo W. Kymlicka, *Politics in the Vernacular Nationalism, Multiculturalism, and Citizenship* (2001); ou ao 'liberalismo político das capacidades' defendido por M. Nussbaum, entre outros.

²³ Benhabib poñera a énfase nos procesos de comunicación cultural, op. cit., p. 81.

recoñecer o dereito das minorías e dos grupos marxinados non é suficiente, son necesarios dereitos colectivos que recoñezan un trato diferencial. As razóns aducidas non son en todos os casos por causa da igualdade, tamén caben razóns históricas (conquista e colonización) e de recoñecemento da herdanza cultural particular (inmigración). Recoñecemento, identidade e dereitos colectivos son os elementos que entran en debate. Os problemas derivan da consideración da cultura como a única e xenuína fonte de valor, de verdade e de identidade.

Oraben, non é consustancial ao multiculturalismo defender que a cultura é o selo de autenticidade do grupo e, consecuentemente, que a arma a utilizar teña que ser a política da identidade ou da diferenza, o que remata por naturalizar ou esencializar a cultura, e por reificar aos grupos. Un multiculturalismo normativamente correcto non toma a identidade como «signo referencial dun conxunto fixo de costumes, prácticas e significado, unha herdanza imperecedeira, unha categoría sociolóxica fácilmente identificable, un campo de trazos e/ou experiencias compartidas»²⁴. O problema non é a diversidade senón as xerarquías e asimetrías de poder producidas pola discriminación, «un proceso que establece a superioridade, a tipicidade ou a universalidade de alguén en termos de inferioridade, atipicidade ou particularidade de outros»²⁵. Dito doutro xeito, non se trata de identidades e diferenzas, individuais ou de grupo, preconstituídas e definidas, que o que necesitan é ser representadas transparentemente, apelando á autenticidade e impedindo toda intervención. O multiculturalismo sitúanos na diversidade de comunidades máis ou menos auto-conscentes e ben organizadas que forman parte da maioría das sociedades modernas. O multiculturalismo «non nega a existencia dunha identidade humana común; máis ben a constrúe, en contra do monismo e en virtude dun peculiar universalismo pluralista, como unha realidade complexa formada por unha natureza humana universal (capacidades, necesidades, valores) e trazos culturalmente específicos e particulares. (...) Pero tamén e a diferenza do relativismo e a inconmensurabilidade radical con que moitas veces se identifica en razón das suas titubeantes formulacións primeiras, o multiculturalismo non implica a aceptación acrítica das interpretacións particularistas da xustiza. En suma, toda vez que a) mantén a posibilidade duns mínimos morais universais compartidos e b) estende ademáis o pluralismo e o conflito cara o interior da comunidade, o multiculturalismo non é un multicomunitarismo»²⁶. Que non sexa un multicomunitarismo implica que nen o Estado, nen, no noso caso a Unión Europea, se poden estruturar como unha comunidade ou comunidades pechadas baixo a xerarquía e control das súas autoridades e institucións tradicionais, que conleva aquela visión do multiculturalismo que antes se apuntaba como un mosaico, ou á balcanización ou bricolaxe, o multicomunitarismo remite neste sentido a un concepto estático da cultura, onde priman a pureza e a autenticidade e que suscribe fundamentalmente políticas de conservación e non a inclusión, participación e negociación das identidades na esfera pública.

²⁴ J. W. Scott, «Multiculturalism and the Politics of Identity», en *October*, 61 (1992), pp. 13-14.

²⁵ *Ibid.*, p. 15.

²⁶ Máiz, op. cit., p. 449.

Unha comprensión tal do multiculturalismo comporta a idea de que as culturas non son estáticas, que non son todos homoxéneos. As culturas, dunha banda, están sometidas a resistencias, a cambios, e de outra buscan a estabilidade, a continuidade. Ou o que ben sendo o mesmo, as culturas non son algo dado, están atravesadas pola pluralidade, e permiten a posibilidade de identidades superpostas, polo que, desde o punto de vista normativo, é correcta a igualdade de oportunidades na produción ou xeración da propia cultura ou nación. Desde esta perspectiva considérase un erro analítico – falacia holística – ver «a cultura como un todo», como insiste Benhabib. Se atendemos á construción da Unión Europea baixo estas premisas semella claro que o modelo a seguir non pode ser aquel do Estado-nación (isto é, un Estado, unha nación, unha cultura), baseado única ou exclusivamente en criterios territoriais e nunha concepción estática e obxectivista²⁷. A diversidade cultural, o pluralismo está no interior das nosas sociedades, non é un problema de relación co «outro» exótico ou exterior. Desde un multiculturalismo normativo e crítico ou desde a perspectiva do diálogo intercultural, é importante suliñalo, recoñécese que no interior das minorías, das culturas minoritarias tamén hai pluralidade²⁸, de aí que se insista en que non se recoñeza e escoiten só as xerarquías de poder e autoridade dunha determinada cultura. Desde a defensa dun multiculturalismo normativo e crítico a cuestión da igualdade material ou da redistribución económica non é incompatible co recoñecemento, pois desde a idea de xustiza as demandas de redistribución e de recoñecemento van en moitos casos parellas: en moitas ocasións as minorías que sofren marxinación e falla de recoñecemento son tamén os sectores socialmente débiles e marxinados, dominación política e explotación económica van unidas²⁹. Non obstante, o multiculturalismo ou a interculturalidade teñen que asumir e enfrontar o risco de non caer na conxelación e reificación das diferenzas culturais, étnicas, relixiosas... En xeral o que se persegue, fronte ao ideal asimilacionista ou o conservacionista é unha «acomodación permanente» que debe propiciar e garantir a inclusión, a participación e a negociación das diferenzas dos distintos grupos no seno dunha comunidade máis ampla, tal como sería o caso da Unión Europea.

Neste sentido, e tendo en conta a distinción entre o normativamente correcto e o institucionalmente posíbel, quérese dicir que pode haber constestación política a propostas que sexan normativamente defendíbeis, precisamente niso radicaría o diálogo intercultural. No que incidiría o multiculturalismo crítico e normativo, por tanto, é na contestación e diálogo na esfera pública e non na xuridificación dos problemas. Unha boa maneira de reflexionar sobre o que conleva o multiculturalismo e de abordalo normativamente é a partir das condicións normativas irrenunciábeis que propón Benhabib a respeito de

²⁷ Baste lembrar aquí o que diversos autores, entre eles Habermas, teñen suliñado, que o vínculo entre nacionalidade e cidadanía é histórico e continxente.

²⁸ Sobre isto véxase M^a X. Agra «Multiculturalismo, justicia y género», en C. Amorós (ed.), *Feminismo y Filosofía*. Madrid, Síntesis, 2000, pp. 135-164.

²⁹ Neste sentido son importantes as aportacións e discusións de N. Fraser, I. M. Young, J. Tully e de S. Benhabib, sobre as loitas polo recoñecemento e pola redistribución.

estruturas pluralistas: a) reciprocidade igualitaria: non discriminación dos membros das minorías fronte á maioría en virtude da súa pertenza comunitaria; b) adscripción voluntaria: fronte á adscripción étnica obrigatoria: os cidadáns non deben ser adscritos automaticamente a un grupo cultural, relixioso ou lingüístico en virtude do seu nacemento, senón que debe permitirse a liberdade de opción dos pais, inicialmente, e da persoa na idade adulta; c) posibilidade de abandono: sen sancións exorbitantes así como dereito de pertenza flexible (matrimonios mixtos, liberdade de crenzas, etc. ...) ³⁰. Naturalmente onde as tensións e dilemas da construción da UE se presentan de forma crua é xusto nas políticas de inmigración e extranxeiría a desenvolver, o trasfondo é, por suposto, contrarrestar os intentos de facer da UE unha «fortaleza», pero tamén, non debemos esquecer que o acceso á cidadanía dinos moito sobre inclusión e exclusión, sobre quen é ou non cidadán. Agora ben, os problemas non rematan aquí. Tocante ao multiculturalismo, se asumimos que as sociedades, as culturas – nas súas relacións entre si e no seu interior – están atravesadas polas desigualdades económicas e sociais, de poder e xerarquía, individuais e grupais, teremos que convir en que aquelas condicións normativas irrenunciábeis, e nomeadamente a da reciprocidade igualitaria, aínda responden a un plano de idealización.

Evidentemente sería necesario para avanzar algo máis avaliar outras propostas diferentes das de S. Benhabib, ou con outros matices, mais isto requiriría outro espazo. O meu interese está en suscitar a reflexión e o debate, en situar os aspectos máis problemáticos, tendo en conta que outros ponentes tamén abordarán dende outras perspectivas o multiculturalismo. Non obstante, non quixera deixar pasar a ocasión de tocar brevemente un aspecto importante da cuestión da cultura e o multiculturalismo suscitada ao fio da posición de Benhabib, e en xeral, como di David Scott, do novo «xiro cultural» na teoría política ³¹. Refírome á defensa do construtivismo social á hora de cuestionar o esencialismo cultural e de dar conta das diferenzas culturais, que está na base e que ten ou pode ter diferentes implicacións normativas, a máis de epistémicas, e por suposto políticas. No caso de Benhabib o seu construtivismo social refírese a «visión narrativa das accións e da cultura que a informa». Fundamental a esta visión é a distinción, tanto empírica como normativa, entre o observador social e o axente social ³². Benhabib sostén un construtivismo sociolóxico – máis enriba indicábase como facía fincapé na necesidade das análises sociolóxicas para comprender as demandas multiculturalistas –, aínda que tamén considera que os cambios que afectan á comprensión da cultura hoxe, nomeadamente, o carácter igualitario, derivan da antropoloxía social. Entre outros, J. Tully tamén adopta unha posición construtivista da cultura, non obstante a súa posición vai remitir á antropoloxía por entender que esta aportaría os elementos necesarios

³⁰ Benhabib, op. cit., pp. 131-32. Cabería aquí contrastalo cos planteamentos de I. M. Young en *Inclusion and Democracy*. Oxford, Oxford University Press, 2000.

³¹ Véxase D. Scott, «Culture in Political Theory», en *Political Theory*, Vol. 31, n.º 1 (2003): 92-95.

³² Benhabib, op. cit., p. 5.

para unha mellor comprensión da diferenza e da relación entre cultura e política. E quixera salientar, asimesmo, o interese, á hora de pensar sobre o modelo de construción da UE, da idea de Tully da constitución como «unha forma de acomodación da diversidade cultural»³³. Pero, como dícía, a análise do constructivismo e desta idea de constitución, require un exame máis detido e que agardamos abordar noutro momento³⁴.

Europa da cultura/Europa inter ou multicultural

Estreitamente derivado do anterior achámonos con que a cultura entra de cheo na discusión política, práctica e teórica. Non se trata só de que en moitos casos se identifique con identidade, fundamentalmente étnica, senón sobre todo, como apunta Benhabib, que a propia comprensión da cultura está a mudar, que se teña unha visión máis igualitaria das Culturas derivada da antropoloxía social, que a clásica distinción entre *Kultur* e *Zivilisation* xa non sexa efectiva³⁵. Se partimos disto levántanse varias cuestións: a primeira en relación con Cultura/Civilización, a segunda a respecto de cómo se define e qué se entende por Cultura, e a terceira cómo se recolle na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión. Tocante á primeira ¿como temos que entender o Preámbulo do proxecto de TC?:

«Conscentes de que Europa é un continente portador de civilización, de que os seus habitantes, chegados en sucesivas ondas dende os tempos máis remotos, veñen desenvolvendo os valores que sustentan o humanismo: a igualdade das persoas, a liberdade e o respecto á razón,

Coa inspiración das heranzas culturais, relixiosas e humanistas de Europa, cuxos valores, aínda presentes no seu patrimonio, fixeron arraigar na vida da sociedade o lugar primordial da persoa e dos seus dereitos inviolábeis, así como o respecto do Dereito,

No convencemento de que a Europa agora reunida avanzará pola senda da civilización, o progreso e a prosperidade en ben de todos os seus habitantes, sen esquecer aos máis febles e desfavorecidos; de que esa Europa quere seguir sendo un continente aberto á cultura, ao saber y ao progreso social; de que desexa afondar no carácter democrático e transparente da súa vida pública e obrar en pro da paz, a xustiza e a solidariedade no mundo, ...»³⁶.

³³ Véxase D. Scott, op. cit, para unha interesante revisión crítica da posición de J. Tully.

³⁴ Ao meu entender sería preciso contrastalo ou contraponelo co denominado «rawlsianismo metodolóxico».

³⁵ Véxase, Benhabib, «Introduction. On Use and Abuse of Culture», en op. cit.

³⁶ Obviamente a ningún se lle escapan as importantes discusións sobre humanismo, racionalismo e Ilustración que acompañaron á elaboración do texto, así como sobre a relixión e máis en concreto sobre o cristianismo. E que continúan a xerar críticas, así algunhas apuntan ao Título VI Da vida democrática da Unión, Parte I, Art. 51 sobre as igrexas, e demandan unha definición laica. Por outra banda, quixera sinalar que se dan intentos de conxugar a Ilustración cunha comprensión multicultural axeitada, véxase Celia Amorós, «Por una Ilustración multicultural», *Quaderns de Filosofia i Ciència*, vol. 34 (2004), pp. 67-79.

Talvez onde se podan detectar mellor os dilemas e tensións que impregnan a construción da UE neste sentido, onde se constata que a cultura é política, é xustamente cando se considera o seu déficit simbólico e se examinan a política cultural e as directrices que a orientaron nos últimos anos dando expresión a idea da «Europa da cultura», no intento, como xa se indicou, de levar adiante a integración económica. Isto nos sitúa na segunda cuestión e aquí convén votar man da antropoloxía. Como sinala Lourdes Méndez, quen somete a exame textos, documentos e debates internacionais e europeos sobre a cultura e a política cultural, o problema é se o que sustentan os textos e directrices que animan á construción da Europa da Cultura remiten á idea de dereito á cultura ou aos dereitos das culturas, tendo en conta que os dereitos culturais son considerados dereitos humanos³⁷.

No Preámbulo do Proxecto de TC sosténse a «certeza de que os pobos de Europa, sen deixar de sentirse orgullosos da súa identidade e da súa historia nacional, están resoltos a superar as súas antigas divisións e, cada vez máis estreitamente unidos, a forxar un destino común». E entre os obxectivos da Unión están: «A Unión respetará a riqueza da súa diversidade cultural e lingüística e velará pola preservación e o desenvolvemento do patrimonio cultural» (Art. 3, 3) e «A Unión respetará a identidade nacional dos Estados membros, inherente ás estruturas fundamentais políticas e constitucionais de estos» (Art. 5, 1). A cuestión é, unha vez máis, cómo hai que comprender isto, que significa «respetar», implica que hai que fomentar ou non a diversidade cultural, cómo se logra a unión na diversidade ¿cunha Europa da Cultura e a construción dunha identidade cultural europea? ¿ou cunha Europa multicultural ou intercultural e unha cidadanía plural? Ou, doutro xeito, ¿é posíbel artellar unha cultura europea universal sen anular a interculturalidade? Aí está o dilema, a tensión, que non se pode enmascarar, pero tamén o reto. Como xa se apuntou para algúns hai unha cultura/civilización europea e consideran que Europa é un ideal. Mais ¿lévanos isto a plantexarnos a inferioridade ou superioridade das culturas, das civilizacións, a unha esencia que haxa que preservar e, en consecuencia, difundir e expandir? ou se nos atemos á construción política europea entón que hai que entender pola Europa da Cultura. É dicir, é algo que xa existe, ou ben que se deseña desde enriba e, entón, só hai que dala a coñecer á cidadanía. E, se a empresa a levar a cabo é a de configurar unha identidade cultural europea como unión na diversidade, ¿cal é o modelo e o modo de facelo? É obvio que entre os retos que comporta a construción da UE non pode estar o de preservar unha «esencia» nen a súa conservación en museos, máis ben son os procesos complexos de construción da unión e da cidadanía europea, dun novo modelo político transnacional os que deben contemplarse.

Desde estas premisas, resulta moi interesante e revelador, e da moito que pensar, a análise que leva a cabo Méndez dos textos, debates e documentos

³⁷ Referímonos a L. Méndez, *Galicia en Europa. El lugar de las artes plásticas en la política cultural de la xunta*. A Coruña, Edicións do Castro, 2004, esp. Cap. 1 «Construyendo la política cultural de la Unión Europea como Estados Culturales».

internacionais e institucionais europeos sobre a cultura e o percorrido que fai até chegar á política cultural das últimas décadas o século XX. Comeza por facer referencia a que segundo se dí «no final da súa vida Jean Monnet, outro dos grandes artífices da Europa unida, declarou que 'se houbese que refacela, comezaría pola cultura'»³⁸. A cuestión é que sentido ten empregar a cultura para construír Europa. Como se infire do seu estudo dos documentos institucionais europeos e da súa análise dos distintos intentos por acadar un consenso sobre unha definición de cultura, o que agroma é a idea de que «o dereito á cultura debe considerarse, ao igual que outros, como un dereito individual, inalienábel e universal e a correlativa segundo a cal os Estados deben realizar esforzos tendentes a democratizar a cultura. Bastante máis complexas serán as cuestións referidas a cómo acadar unha auténtica democracia cultural e a como abordar o tema dos dereitos das culturas... Para entender, continúa, por qué resulta doado defender o dereito á cultura e complicado asumir os dereitos das culturas, convén saber que neses documentos se oscila entre tirar pola rúa do medio, é dicir, por non definir cultura; ou por reter dúas acepcións da mesma»³⁹. As dúas acepcións son: unha, a cultura como un ben escaso (alta cultura, cultura de élites) e á que todo individuo tería dereito a acceder e, a outra, de corte antropolóxico e que a define como «estilo de vida» dunha comunidade.

Neste estudo, que presento sumariamente, vaise examinando o contido dos textos, documentos, debates, tendo en conta as distintas fases. Interésame chamar a atención sobre as dúas conferencias de Lévi-Strauss por encargo da UNESCO. A primeira «Raza e Historia» (1947) e a segunda «Raza e Cultura» (1970). Méndez incide en que así como a primeira foi moi ben acollida, a segunda non o foi tanto, malia que para o autor formasen un todo. Na primeira «En síntesis, o antropólogo plantexou que a civilización mundial debía seguir o camiño dunha coexistencia entre as numerosas culturas, camiño capaz de respectar e protexer a orixinalidade e riqueza de cada unha delas. Par Lévi-Strauss, a diversidade cultural era un patrimonio da humanidade – idea hoxe tan de actualidade – e a entendía non como produto do aillamento dos diferentes grupos humanos senón, á inversa, como 'un fenómeno natural, resultante das relacións directas ou indirectas entre as sociedades'» e advertindo, tras expor os problemas e paradoxos, que «O que debe ser salvado é o feito da diversidade, non o contido histórico que cada época lle deu»⁴⁰.

A segunda conferencia non sería tan ben acollida por que «Algúns contidos resultan problemáticos para o desenvolvemento de certas iniciativas e actuacións institucionais», máis en concreto, segundo Méndez, á idea defendida polo antropólogo de que a raza é unha función da cultura e non á inversa. E moito máis problemática – e que non nos resulta allea ou estrana hoxe, senón todo o contrario á vista do desenvolvemento das novas tecnoloxías da comunicación e información – a manifestación da súa dúbida sobre que «a difusión do saber e

³⁸ Ibid., p. 13.

³⁹ Ibid., p. 9.

⁴⁰ Ibid., pp. 24-25.

o desenvolvemento da comunicación entre os homes acadarán un día facerlles vivir en boa harmonía aceptando e respectando a diversidade». Esta dúbida, sinala Méndez, pon en solfa as bases mesmas dunha acción cultural de extensión mundial que insistindo únicamente sobre a difusión do saber e o desenvolvemento da comunicación, remite á extendida crenza occidental segundo a cal 'o simple feito de comunicar sería suficiente para vivir armoniosamente en sociedade'»⁴¹. Tamén formula outros problemas relacionados como son os das opcións institucionalmente posíbeis a respecto da diversidade cultural, nomeadamente, fomentala ou combatila. Entre unha e outra conferencia media o debate internacional sobre «Os dereitos culturais como dereitos humanos» promovido pola UNESCO en 1968. O que me interesa indicar é que, seguindo a Méndez, «A grandes trazos atopamos ao longo deste debate tres nocións diferentes de cultura: a cultura entendida como forma de vida; a cultura da ciencia e da tecnoloxía, entendida como de significado universal; e a cultura propia a cada comunidade que, sumada a todas as demais culturas particulares, configuraría a cultura universal. Asimesmo os seres humanos serán considerados por estes expertos como receptores e partícipes da cultura, pero tamén como 'sen cultura'»⁴².

O examen das conferencias intergubernamentais sobre acción cultural na década dos setenta, afirma a autora, amosa que se segue tentando definir qué é cultura, se ben agora o interese recae nas sociedades occidentais e «co obxectivo de establecer as liñas básicas de acción e planificación cultural que os Estados da Europa comunitaria debían desenvolver»⁴³. No coloquio Arc et Senans de 1972, promovido pola Fundación Cultural Europea e o Consello de Europa, no que participan M. Certau, G. Balandier, G. Charbonner e A. Peccei, os plantexamentos de G. Balandier serán rebatidos por Peccei, presidente do Clube de Roma. Os argumentos esgrimidos no debate son moi indicativos do que está en xogo e das diferentes posicións, mais só poden remitir aos textos e á lectura de Méndez. A onde quero chegar, da man desta autora, é xustamente a amosar a problematicidade da definición de cultura, ás dificultades para establecer un consenso sobre que é cultura, a interacción entre cultura e política, e ter en conta que a antropoloxía suministra unha perspectiva que nos pon en garda contra os intentos de esencialización ou naturalización da cultura e os perigos da súa instrumentalización. Tanto Méndez como Gondar, fan fincapé na tendencia reduccionista de tomar por «identidade cultural» só a identidade étnica, e por tanto non abordar a complexidade da identidade cultural na «que entra, por suposto, a etnicidade, pero que tamén implica o xénero, o tipo de relacións sociais e de produción, a micro e macrofísica do poder cos seus aparellos ideolóxicos correspondentes, etc.»⁴⁴.

Vaiamos finalmente á política cultural da UE nos anos oitenta e noventa. A autora salienta a emerxencia da noción de «política cultural» e da vontade

⁴¹ Ibid., p. 33.

⁴² Ibid., pp. 25-26.

⁴³ Ibid., p. 35.

⁴⁴ M. Gondar, op. cit., p. 84.

política de construír unha identidade e un espazo cultural europeo, no intento de, por unha parte, salvar os atrancos da pluralidade de modelos de política cultural dos distintos Estados da UE, e de atender, por outra, «as problemáticas suscitadas polos debates políticos e sociais sobre a descentralización, a rexionalización e a identidade cultural dos pobos de Europa»⁴⁵. Méndez sostén que «a política cultural europea das dúas últimas décadas do século XX plantexa cinco metas, nengunha das cais é totalmente nova con relación ás xa expostas: educación cultural, apoio ás artes e á creatividade, información cultural, política xurídica cultural europea e desenvolvemento dunha política cultural sobre o cambio e as relacións internacionais». Observa, porén, que se da un cambio no que atinxe á economía da cultura, nos oitenta se tería defendido que a economía debía soste-lo á arte e á cultura, mentras que nos noventa se opta por que a cultura e a arte sexan as que atraian os investimentos económicos⁴⁶. Para ir concluindo, desta análise, que se centra de forma moi especial nas artes plásticas como recurso cultural, resulta a constatación de que en última instancia non se define a cultura, o que leva consigo que a acción e política cultural acaba por converter a cultura nun comodín administrativa e institucionalmente útil. A emerxencia do obxectivo político e socioeconómico de crear un espazo e unha identidade cultural europea é o que aparece realmente como novo, o Tratado de Maastricht marca un punto fundamental, pondo de manifesto a necesidade de crear institucionalmente «referentes simbólicos comúns a toda a cidadanía da UE para que ésta se acostume primeiro a identificalos como tais, e logo a identificarse con eles», como sinala Méndez, este novo proceso conleva, dunha banda, «a anulación, minimización e absorción das diferencias culturais nacionais capaces de xerar referentes identitarios (...) e a creación de novos símbolos de identificación supranacional» (bandeira, himno, euro, novo calendario laico de conmemoracións, isto é, días europeos sen coches, tabaco...) tentando amosar que é posíbel conxugar, sen conflito, identidade cultural particular e identidade cultural europea. Deste xeito chegamos a que «son a cultura e a arte – e non o euro – as que aparecen claramente desde ese momento como elementos de cohesión insoslaibéis que todo europeo debe compartir se se desexa dotar dun contido identitario dinámico á EU»⁴⁷.

Despois desta apertada síntesis que apenas apunta onde están os problemas, podemos, non obstante, entrever as dificultades para conseguir un consenso sobre cultura, política cultural, dereito á cultura, dereitos culturais, democracia cultural, democratización da cultura, e a constatación que acompaña ao «xiro cultural», isto é, que a cultura é política, por máis que se tente reificala; agroman as tensións e dilemas que xera a construción política da UE, o debate derivado das demandas multiculturais e dos pobos de Europa. Talvez nos axude a comprender por que na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión, a terceira cuestión á que aludíamos máis á cima, a cultura non esté moi pre-

⁴⁵ Ibid., pp. 47-48.

⁴⁶ Ibid., pp. 54-55.

⁴⁷ Ibid., p. 67.

sente. A palabra cultura aparece en tres ocasións: no Preámbulo, no artigo 22 e no 25. No Preámbulo:

«Consente do seu patrimonio espiritual e moral, a Unión está fundada sobre os valores indivisíbeis e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade, e se basea nos principios da democracia e do Estado de Dereito. Ao instituír a cidadanía da Unión e crear un espazo de liberdade, seguridade e xustiza, sitúa a persoa no centro da súa actuación. A Unión contribúe á preservación e ao fomento destes valores comúns dentro do respecto da diversidade de culturas e tradicións dos pobos de Europa, así como da identidade nacional dos Estados membros e da organización dos seus poderes públicos no plano nacional, rexional e local; trata de fomentar un desenvolvemento equilibrado e sostíbel e garante a libre circulación de persoas, bens, servizos e capitais, así como a liberdade de establecemento.»

No Art. 22. Diversidade cultural, relixiosa e lingüística: «A Unión respeta a diversidade cultural, relixiosa e lingüística». E o Art. 25 que fai referencia aos Dereitos das persoas idosas a participar na vida social e cultural.

Como indican algúns analistas da Carta, nen sequera recolle ou menciona a Declaración Universal da Unesco sobre diversidade cultural, nen a Declaración do Comité de Ministros do Consello de Europa relativa á diversidade cultural (decembro 2000), o que leva a afirmar que «non só non existe unha estrutura interna harmónica no recoñecemento destes dereitos (culturais), da conexión entre o Dereito e a Cultura, senón que a maior parte dos dereitos que dela deberían derivarse foron sucionados polo nímio artigo 22, ficando trasladados ao esquecemento. Terá que ser o Tribunal de xustiza o que teña, no seu día, que desenvolver o contido do mencionado artigo para determinar o verdadeiro alcance do mesmo. Pero, a redacción e exposición das que se parte non poideron ser máis desafortunadas»⁴⁸. En definitiva, vemos como ao final non só non se chega a unha solución de compromiso ou a un acordo mínimo, senón que se opta por obviar unha vez máis a cuestión da cultura, e por adoptar unha sorte de fórmula de compromiso que remite, de novo, á xuridificación do problema e que non ousa sequera avanzar minimamente na conxugación complexa, pero necesaria, da Europa da Cultura e dunha Unión Europea inter/multicultural, ficando a sospeita de que ou ben o conflito é maior do que se quere recoñecer, e a saída é obvialo; ou ben se parte de que efectivamente son dúas opcións e, por tanto, incompatíbeis. Mesmo pode que sexan as dúas cousas ao tempo. E mentras, consecuentemente, a cultura e o espazo cultural europeo ficarán reducidos á espectáculo, a turismo, a consumo.

⁴⁸ Luís A. Anguita Villanueva, «La cultura en la Carta de los Derechos Fundamentales de la Unión Europea», en C. Ruíz Miguel (coord.) *Estudios sobre la Carta de los Derechos Fundamentales de la Unión Europea*. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións, 2004, pp. 114-5. Anguita suliña o non recoñecemento explícito do dereito á cultura, e refere a algúns artigos que recollen algún aspecto directa ou indirectamente. Este autor avoga por unha Constitución Cultural Europea.

Conclusións

Non sei se como resultado desta exposición de interrogacións, de comezar por aceptar que teño máis preguntas que respostas, o que teña conseguido é crear máis confusión e perplexidade que claridade nos obxectivos e na argumentación. Mais non era esta a miña intención, todo o contrario. Tentei defender que, xustamente, o carácter novidoso da construción europea radica en que abre a posibilidade de artellar cidadanía, inter/multiculturalismo e igualdade. Que para acadar unha maior igualdade social e política é necesario pensar e apostar por un modelo de cidadanía e de organización política que contemple os dereitos políticos democráticos, a pertenza, os dereitos sociais e a cultura (o acceso á cultura e os dereitos culturais), a democratización da cultura e a democracia cultural, fuxindo dos vellos moldes, da elitización e da exclusión, na procura dunha maior igualdade e inclusión, ou o que é o mesmo, fuxindo da uniformidade ou do mosaico cultural. Apontando cara á configuración dunha cidadanía multiniveis que nos implica desde o local ao global. Todo isto non quere dicir que se poda facer sen conflitos, sen dilemas, e que non haxa que dotarse dos medios materiais e institucionais para levalo a cabo. O debate normativo e político amosa a posibilidade e a oportunidade da construción dunha UE nese sentido. Por iso, dicía, a construción política, social e cultural da UE é en grande medida ilusionante, polo que ten de posibilidade de novas formas e modelos, polo que comporta dun novo imaxinario, pola abertura ao horizonte de futuro. Oraben, ao mesmo tempo achámonos con que produce un grande desacougo, que xorde de constatar e detectar todos aqueles elementos e cuestións – isto é, o peche das interrogacións – que apuntan a unha operación dirixida desde enriba e encamiñada exclusivamente por criterios pragmáticos e/ou imperialistas que só ten por obxectivo converterse nunha grande potencia mundial, seguindo, pois, os vellos moldes.

A empresa da construción da UE non é doada, iso é algo xa sabido, quixera rematar con unhas palabras de Peter Sloterdijk que considero ben acaídas. Sloterdijk reclama para Europa unha Grande política, fronte a posibilidade imperialista, que require dunha «nova unión de unidades políticas», adverténdonos: «En calquera caso, non hai que rexeitar esta posibilidade: se esperta, Europa volverá en sí en vésperas dunha era de tempestades. Os contemporáneos que miran cara ao futuro poden ter a impresión de que están pasando as follas dun catálogo de miserias anunciadas. Pode que a eles lles sirvan de consolo estas palabras do heroi marítimo portugués Vasco de Gama, quen berraba á súa tripulación desesperada ante un furacán no océano índico: '¡Adiante, meus nenos, o mar trema ante vos! A nova política comeza para nos coa arte de crear palabras que, a bordo da realidade, amosen o horizonte'»⁴⁹.

⁴⁹ P. Sloterdijk, *Si Europa despierta. Reflexiones sobre el programa de una potencia mundial en el fin de la era de su ausencia política*. Valencia, Pre-Textos, 2004, pp. 79-80.

EUROPA E A CIDADANÍA RESPONSABLE: IDENTIDADE E DISTRIBUCIÓN NA CONSTRUCCIÓN TRANSNACIONAL

DAVID ÁLVAREZ GARCÍA
(Universidad de Vigo)

O concepto de cidadanía non deixa de ser unha forma máis de conceptualizar as relacións parte-todo. Para aqueles que poñen o til no horizonte colectivo, como os republicanos ou os comunitaristas, esta relación privilexiada de «ser parte» é constitutivamente fundamental na vida e nos intereses dos individuos. Se falamos en termos de distribución de bens, tal e como o fai Michael Walzer en *Spheres of Justice*¹, trátase do ben fundamental, xa que é aquel que dá acceso a unha comunidade de distribución dos restantes bens dacordo coa lóxica inherente ás interpretacións dos significados e tradicións compartidas. Walzer ilustra a súa proposta cunha escolma de testemuñas históricas que amosan unha pluralidade de xeitos culturais de interpretar a distribución de once bens distintos que configuran outros tantos eidos das vidas das sociedades complexas. Estos abranguen dende a saúde ata a educación, do traballo ao afecto, do lecer ao poder. Todos sen excepción, condicionados pola primacía da necesidade de ser recoñecido como un membro da comunidade e ser aceptado como tal. De estarmos a falar de sociedades realmente complexas, é dicir, daquelas nas que é difícil xustificar a preponderancia dunha tradición cultural sustantiva respecto das institucións do Estado, os individuos necesitan desenvolver estratexias para conciliar estas dúas fontes de lealdade, a da comunidade de orixe e a do destino común. Este proceso de acomodación a unha cidadanía multicultural ou neutral, dependendo dos contextos, implica a interiorización dos criterios para efectuar un balance de intereses entre situacións asimétricas de maiorías e minorías, e entre os discursos emanados do recoñecemento das identidades e as negociacións dos intereses que poden estar conectadas a elas.

¹ Michael Walzer; *Spheres of Justice. A Defense of Pluralism and Equality*. New York, Basic Books, 1983.